



## **XXIV MOSTRA DE ACTIVIDADES CULTURÁIS**

**CELEBRARASE OS DÍAS 12 (martes), 13 (mércores) e 14 (xoves) DE MAIO DE 2020, en horario de tarde.**

**LUGAR: FORUM METROPOLITANO DA CORUÑA (Río de Monelos s/n)**

### **CONCURSO DE DEBUXO**

- Presentarase un só debuxo por ANPA (ata o día 12 de marzo de prazo)
- Os debuxos realizaranse nun folio (DIN-A4) e cunha temática relacionada ás actividades culturais propias da Mostra.
- O debuxo será anónimo. Nun sobre pechado, e encostado ao debuxo, figurará o nome do concursante e a ANPA á que representa.
- Dos traballos presentados elixirase un debuxo gañador, do que se realizará o cartel anunciador da presente Mostra. Este participante gañador recibirá un agasallo e diploma.
- Todos os traballos presentados considéranse finalistas, recibirán tamén un diploma acreditativo e agasallo. Entregaranse na clausura do xoves día 13 de maio

### **ACTUACIÓNS NO AUDITORIO:**

As actuacións na escea (baile, teatro, ximnasia, cancións...) non sobrepasarán os 10 minutos; concedendo 5 minutos máis no caso de ter que colocar decorado.

### **FICHA DE INSCRICIÓN**

Cada actuación, aínda que sexa do mesmo grupo, presentarase nunha ficha debidamente cuberta, na que figurará: o nome da APA, Centro Educativo, actividade a realizar, tempo en escea, tempo estimado de preparación (entendido como colocación e retirada do escenario), nome e número de teléfono da persoa de contacto (membro da Xunta Directiva da ANPA) e o día preferente de actuación.



## **EXPOSICIÓN**

No espazo do hall do Forum. Disporase de mesas de 1,10m x 80cm e paneis de 1,50 x1,20 m..Os traballos estarán expostos os mesmos días de duración da Mostra (do día 12 ao 14). Presentarase unha ficha debidamente cuberta.

As ANPAs participantes montarán a exposición ás 11:00 horas do día 12 (martes) e recolleran os traballos o día 14 (xoves), **unha vez finalizada a Mostra.**

Cada ANPA levará exclusivamente o material que considere necesario para súa preparación estética. A Federación encargarse dos cobremesas e carteis identificativos das ANPAS.

**Non se permitirá ningunha outra identificación, cartel ou publicidade de entidades ou empresas privadas.**

## **NORMAS XERÁIS**

Tratando de evitar calquera problema que poida xurdir por falta de información, rogamos **transmitades ás familias** os seguintes puntos para súa tranquilidade e coñecemento:

- O público non poderá entrar ou saír do auditorio até a finalización do bloque, xa que o que se pretende é ver as actuacións que presentan outras ANPAS cos seus nenos e nenas, non só as do noso centro.
- Por razóns de seguridade e en cumprimento da normativa vixente, non se permite a entrada dos carros de bebés ao auditorio, quedando na área de camerinos a cargo dos responsables da organización.
- Cumprir os horarios establecidos en cada bloque, tendo en conta que cada ANPA ten que estar no vestíbulo do Forum 30 minutos antes do comezo da actuación.
- Únicamente accederán aos camerinos os monitores e responsables das ANPAS, coas credenciais que se lles facilitarán o primeiro día da actuación.
- O grupo terá que estar acompañado necesariamente por un representante da ANPA, tanto na entrada e saída do auditorio como nos camerinos.
- Os nenos e nenas non sairán do recinto de camerinos ata que finalice o bloque. Estarán acompañados da ANPA e/ou monitor correspondente, e serán entregados ás súas familias no vestíbulo de entrada.

Ampramos este apartado en folla aparte con aspectos organizativos.

**MOI IMPORTANTE:** A data límite de presentación das fichas de inscrición, así como dos debuxos será o **día 12 de marzo** (xoves) ás 20:00 horas nas oficinas da Federación.

Coa suficiente antelación ao comenzo da Mostra, convocarasevos para a recollida de programas e carteis.

Para calquera dúbida ou aclaración chamar ao teléfono 981 20 20 02.

# XXIV MOSTRA DE ACTIVIDADES CULTURÁIS MAIO DE 2020

## FICHA DE INSCRICIÓN NA ACTUACIÓN

NOME DA ANPA:-----

CENTRO:-----

ACTIVIDADE:-----

NÚMERO DE PARTICIPANTES:-----

TEMPO REAL DA ACTUACIÓN NA ESCENA:----- (Máx. 10 minutos)

TEMPO DE PREPARACIÓN SE É NECESARIO (antes e despois de actuar)

-----minutos DÍA PREFERENTE:-----

MATERIAL QUE SE NECESITA:-----

NOME PERSOA CONTACTO (ANPA)-----

TELÉFONO:-----

OBSERVACIÓNS:-----

-----

-----

**Nota: cubride unha inscrición por actuación e indicade en observacións se hai nenos/as e en que número que, participando nesta actividade, teñen que facelo tamén noutra posterior ou si a actuación está composta por varios bailes**

# XXIV MOSTRA DE ACTIVIDADES CULTURÁIS MAIO DE 2020

## FICHA DE INSCRICIÓN EXPOSICIÓN

NOME DA ANPA-----

CENTRO-----

ACTIVIDADE (DEBUXO, PINTURA, MANUALIDADES, FOTOGRAFÍA, ETC)

-----

-----

-----

NÚMERO DE PARTICIPANTES-----

Número de MESAS----- (de 1,10x80) Número de **PANEIS**----- (1,50x1,20)

PERSOA DE CONTACTO (ANPA) E TLF.-----

-----

OBSERVACIÓNS-----

-----

-----

-----

Nota: cubride unha inscrición para cada actividade

## **CUESTIÓN XERÁIS DE ORGANIZACIÓN:**

Tratando de poñer os medios entre todos e todas para evitar incidencias na medida do posible e na procura de que todo se desenvolva con normalidade, lembrámosvos:

- O público non poderá entrar ou saír do recinto até a finalización do bloque horario que lle corresponde. O que pretendemos é que as actuacións non sexan interrompidas molestado aos artistas, e que os espectadores non proveñan só do seu Centro, desfrutar tamén co que presentan outras ANPAS.
- Por razóns de seguridade e en cumprimento da correspondente normativa, non se permite acceder ao auditorio cos carros de bebé, quedando na área de camerinos a cargo dos responsables da organización.
- Cumprir os horarios establecidos en cada bloque, tendo en conta que cada ANPA estará no vestíbulo do Forum 30 minutos antes do comezo da actuación.
- Os representantes das ANPAS e os monitores accederán aos camerinos coas credenciais que se vos facilitará o primeiro día.
- Un dos representantes da ANPA permanecerá na entrada do auditorio para cubrir calquera imprevisto que puidese xurdir.
- Os participantes non sairán do recinto de camerinos ata que finalice o bloque de actuacións. Estarán acompañados por alguén da ANPA e /ou monitor/a correspondente, serán entregados ás familias no vestíbulo.
- A música das actuacións virán gravadas en CD con audio normal, NON MP3, (é a única lectura que permite os medios técnicos do Forum), especificando na carátula o nome da ANPA, a actividade e a pista da peza gravada. Entregarase á organización.
- Rogamos calculedes con rigor os tempos das actuacións para evitar retrasos innecesarios nos bloques horarios seguintes e non perxudicar aos outros participantes, evitando así situacións que podan resultar incómodas.
- O día sinalado como preferente terase en conta na medida do posible, sen prexuízo de que poida ser modificado en caso de que a organización xeral o requira.
- Non se permite publicidade nos carteis da exposición. Soamente o nome da ANPA. Asemade, non se autoriza identificación na vestimenta dos monitores/as allea á Federación Provincial de ANPAS.
- FEDAPAS, que non tomará imaxes nin fará gravacións das actuacións, non se fai responsable da toma de imaxes nin gravacións de terceiros, sendo de

exclusiva responsabilidade de quen as faga as sanción derivadas do uso e/ou cesión indebidos das mesmas.

- En cumprimento da Lei de Protección de Datos e do dereito das familias e dos menores á protexer a súa imaxe, é aconsellable que recabedes a autorización de imaxe de todos os participantes en cada actuación e especificar que será cedida á ANPA e con que fins (exclusivamente divulgativos das vosas actividades, ou o que corresponda).